MAGOSTO GALEGO

Durante moitos séculos, as castañas eran a base da dieta dos galegos no outono e no inverno, porque se podían gardar durante moito tempo. A xente comía castañas cocidas, asadas ou mesmo facían farina de castaña para preparar pan.



Que civilización antiga celebraba festas similares ao magosto?

Por que se celebraba o magosto na antigüidade?

Que froito se asaba tradicionalmente no magosto?

Que actividade é típica no magosto, ademais de asar castañas?

Por que eran tan importantes as castañas?

EN GALICIA

O magosto é unha das festas máis tradicionais de Galicia, celebrada principalmente no outono, cando chegan as castañas! Durante esta festa, a xente reúnese para asar castañas, xogar e pasalo ben.
O magosto celébrase dende hai séculos, e é unha maneira de darlle a benvida ao outono e agradecer as colleitas. En moitos lugares tamén se fan fogueiras, e é un momento perfecto para compartir risas e boa compañía...

.O magosto é unha festa moi antiga que se celebra dende hai moitos séculos en Galicia e noutras rexións do noroeste de España. Xa os nosos antepasados, os celtas, celebraban festas similares para darlle a benvida ao outono e honrar aos seus defuntos, un pouco como o Samaín.

MÁIS MAGOSTO

Ao longo do tempo, o magosto converteuse nunha celebración tradicional de colleita, sobre todo cando chegaba o tempo de recoller castañas. As castañas foron moi importantes para a xente galega, porque eran unha fonte de alimento que lles axudaba a soportar os duros invernos.
Hoxe, o magosto segue sendo unha festa para compartir, divertirse e desfrutar en familia e coa comunidade.

CASTAÑAS

A castaña ten unha historia moi longa en Galicia. Antigamente, antes de que chegase o millo ou a pataca de América, as castañas eran un dos alimentos máis importantes para os galegos.